

ARTE

A pátina do tempo na obra pictórica de Vicente Prego

► Entre o íntimo e o testemuñal sitúase esta sorte de caderno de viaxe que ilustra acerca da pegada do tempo nas máis anergas civilizacións nunha amálgama de culturas

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

DIARIO Vicente Prego

Espacio 48
Santiago
Ata o 30 de xullo


Desde os albores das primeiras viaxes, o contacto e experiencia con diferentes culturas interpretoouse e vivíuse de moi diversas maneiras. Se antano o sentido e vivido en terra allea canalizábase pola escritura e na literatura ou a través dos cadernos de apuntamentos, hoxe, por medio do estendido uso da práctica fotográfica, materializamos o recordo en imaxes. Destacados mestres da fotografía lograron converter en Arte esta práctica cotiá de case todas as persoas.

Na obra de Vicente Prego (A Coruña, 1957) exhibida na compostelá galería Espacio 48 parecen amalgamarse ditas prácticas tocantes a vivencias persoais. Unha especie de diario de viaxe onde por un lado se privilexia a minuciosa descrición de arquitecturas do pasado, seguindo unha moda un tanto dieciochesca, e por outro, redundando en descrições paisaxísticas máis de gusto decimonónico e onde non faltan toques íntimos que, a modo de grafitos, entroncan máis con estados de ánimo persoais.


Como na relectura dun bo libro, moi recomendable por escritores da categoría de Borges, Prego repite esas viaxes, sendo as recentes máis enriquecedoras pois neles recae o pracer de lembrar aquelas primeiras impresións ós lugares. Tamén lle permiten descubrir como o pai Tempo variou e puliu o lugar, e ó visitante tamén.

A empresa do Grand Tour, que emprenderon os burgueses europeos para completar a súa educación, seguida polos artistas que se preciaban, é recollida polo coruñés seguindo a súa particular gran peregrinaxe tanto polos restos da civilización grecorromana como polas culturas ciceladas á beira do Mediterráneo, transportando toda esta riqueza ó antigo e rico código pictórico.

No seu persoal rexistro, o artista recrea pilonos exipcios, anfiteatros romanos, párase en escenas costumistas propias do deserto, o encontro con riquezas orientais, ou a ambientación de palacetes venecianos; escenarios todos en galleardo expectante, abertos a inacabables horizontes de gamas monocromáticas que acentúan o carácter sublime



Vicente Prego ante algunhas das pezas que estes días poden verse en Espacio 48



A exposición testemuña o peso da historia nas diferentes civilizacións

Boa ocasión de descubrir como o pai Tempo variou e puliu o lugar

da escena. Paleta tapizadora de edificios por un proceso de ocultación, perturbador da visión nítida por un abafamento que supón o choque descubridor do real. Esa amálgama de culturas é transplantada ó lenzo emulando as coñecidas imaxes postais rescatadas do vello baúl, xa que foron previamente pulidas. Sobre elas sedimentou a lembranza, con pigmentos moi preparados que ora se tornan cinzas, ora ocres para visualizar uns ambientes como alucinatórios e moi afastados no tempo.

Todos estes recursos conseguense grazas a un uso especial da luz. A luz contribúe a negar o edificio e mostrar o que de decrepitud lle outorga o tempo, ese malvado ente que dana e cobre calquera epidemie facéndoa parecer corroída pero por outro lado conferindo calidade de vella pátina, de ton aristocrático e decadente propio dunha sociedade que chega á postración a través do túnel da grandeza.

O ton meditabundo das imaxes de Prego as entronca cos románticos e indirectamente coa tradición europea das 'veduta' moi apreciada desde o renacemento. Non obstante, en lugar de ofrecer panorámicas exactas desde o punto de vista topográfico, aparecen modificadas en determinados detalles para os

adaptar á súa idea, á súa vista, unha ollada como de contemplador miope incapaz de precisar contornos, unha ollada atenta ó informalismo e á abstracción que o artista roza en marcas, signos, acenos ou manchas, no uso do *grattage* e un estudo do matérico.

Alleo ás novas tecnoloxías preséntase como intérprete do pasado, visionario de antigas civilizacións marcadas polo peso da historia, ante as que o de tan minúsculo, nin sequera aparece, en todo caso, queda relegado ó papel do espectador, do contemplador que albiscou o auxe e derrubamento das antigas civilizacións, sinónimo da inexorable transitoriedade, desde a contemplación figurativa ata rozar a beleza que só a Arte transforma en transcendencia.

CINEMA

Mostra coral sen substancia

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



Intermission

Director: John Crowley
Intérpretes: Colin Farrell, Kerry Condon
País: Irlanda/GB

John Crowley debuta dirixindo a película *Intermission*, unha variada e naturalista mostra de personaxes e vidas de Dublín, sen excesiva orixinalidade. Na elección do estilo narrativo e nos materiais utilizados vése inmediatamente o ollo de Altman ou de Ken Loach, pero como película de iniciación dá indicios de que o novo director posúe poder de observación e ganas de contar.

En Dublín traballan, circulan, soñan, aman, laméntanse e soportan a vida personaxes mediocres, desorientados na encrucillada de autobuses que van e veñen, sempre por idénticos percorridos, sorprendidos de súpeto por unha pedrada que pode rachar unha rutina, unha ilusión. Mozos con traballos ruíns, xefes ridículos perseguindo ós subordinados, mozas con bigote, maridos fartos do matrimonio, delinquentes, mozas abandonadas, mulleres fundidas, policías viles tratando coa vileza e produtores arribistas coinciden nun mosaico coral no que se pretende conxugar humor e ironía con crítica e dor. O filme vai detrás dos personaxes e do ambiente mediocre da clase traballadora descontenta, dos pubs catalizadores de amargos e frustracións, das relacións difíciles, dos traumas inevitables, das soidades imposibles de tapar. Pero a variedade de sucesos e personaxes, o entrelazado non deixa de ser un amoreamento de sucesos, anécdotas, personaxes que noutras coordenadas tal vez poderían dar un resultado máis positivo, pero así carece da substancia necesaria. O humor nunca alcanza o grao de viveza e chispa necesarios, o drama non chega á fondura que pretende, os intentos de sensibilidade e tenura non pasan das boas intencións. O filme mantense grazas á estratexia de ir conectando nun encrucillado de fácil anoado as vidas dos distintos personaxes, pero sen lograr o ritmo e tensión que lle daría contido.

Mercede que se destaque, iso si, a banda de son, aínda que nunha ocasión se vea ás claras o dominio da canción sobre as imaxes sen outro fin nestas que un mero acompañamento superficial. Pero en xeral, como vén sendo frecuente nas películas realizadas en Irlanda, utilizan a riqueza musical do país con habilidade e sabedoría dentro seus filmes. Os actores traballan con soltura dentro da carencia de tensión xa referida, sendo unha mágoa porque o rostro de Kelly Macdonald podería achegar maior luminosidade.